



Concello da Coruña



A Coruña
CULTURA DE VIVIR

Por Resolución 21467/2025, do 24.11.2025, o concelleiro delegado de Cultura e Turismo RESOLVEU:

PRIMEIRO.- Autorizar a convocatoria e aprobar, conforme ao previsto na Disposición adicional primeira da Ordenanza Municipal de Bases reguladoras Xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e dos seus organismos públicos do 6.06.2024 (BOP 16.08.2024), as bases da convocatoria que rexerá a participación na XXI edición do “Concurso de Tapas Picadillo” que se celebrará na cidade da Coruña entre o 18 ao 28 de decembro, e que se recollen nos documentos anexos cos seguintes códigos de verificación 345L 0F54 1I2K 2846 0BW7 (bases en galego) e 383K 002R 3F0L 392H 0D24 (bases en castelán).

SEGUNDO.- Publicar as ditas bases nas seguintes direccións electrónicas: <https://www.coruna.gal> e <https://tapaspicadillo.es>, na Base de Datos Nacional de Subvencións, así como darlles a debida publicidade a través dos principais medios de prensa local escrita e nas redes sociais do Concello da Coruña.

CONCURSO DE TAPAS PICADILLO - A Coruña 2025

O Concello da Coruña convoca a **XXI edición do Concurso de Tapas Picadillo**”, que se celebrará na cidade do **18 ao 28 de decembro** e, de acordo co previsto na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza Municipal de Bases reguladoras Xerais para a concesión de Subvencións polo Concello da Coruña e dos seus Organismos Públicos do 6.06.2024 (BOP 16.08.2024), rexerá polo establecido na mesma e de acordo co establecido nas seguintes:

A) BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE TAPAS

1. PARTICIPANTES

Poderán participar todos os establecementos de hostalería da cidade da Coruña legalmente establecidos previa inscrición no prazo e forma indicados nestas bases.

2. MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN

Enténdese por “**Tapa**” unha elaboración gastronómica de pequenas proporcións que se serve como acompañamento dunha bebida e que, normalmente, precisa de cubertos para a súa degustación. Non se aceptarán como proposta para participar neste concurso os “petiscos”.

Establécense dúas modalidades: **Tapa Creativa e Tapa Receitario Picadillo**.

Entendéndose como **Tapa Creativa** aquela que utilice produtos, técnicas de elaboración e presentación innovadoras, e como **Tapa Receitario Picadillo** a baseada nalgunha das receitas salgadas características de Galicia recollidas na obra “A Cociña Práctica” de Picadillo.

3. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- Só poderán **participar tapas deseñadas e elaboradas especificamente para o Concurso**. Non se aceptarán tapas doces nin tapas que xa estean en carta.

- Todas as tapas deberán ser **elaboradas de forma artesanal e destacando o produto galego**, preferiblemente ingredientes km0, ou pertencentes a unha denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida de Galicia.

Considérase produto de proximidade ou km 0 aquel cultivado, producido ou elaborado na provincia. Neste caso, atenderase tamén a criterios de sustentabilidade.

- **Non se aceptarán receitas precociñadas** en toda ou algunha das súas partes.

- **O prezo de venda** ao público das tapas deberá estar comprendido **entre 3,00 € e 5,00 €**.

- O prezo das tapas **non poderá ser inferior ao custo real da súa elaboración**.

- Co fin de mellorar a oferta de tapas existentes, búscase tamén a participación de opcións celíacas, vexetarianas ou veganas.

Para as elaboracións sen glute, os establecementos deberán dispoñer do “Sello ELS” (Espiga Barrada). Este selo asegura que os produtos conteñen menos de 20 ppm de glute e é xestionado pola Federación de Asociacións de Celíacos de España.

Deberán especificarse na solicitude estas opcións cos seus ingredientes e realizar declaración xurada de que contan co selo ELS para as tapas elaboradas sen glute e achegala coa inscrición.

- **Non se admitirán máis de 2 tapas similares en canto ao seu concepto nin tapas co mesmo nome**. O Concello resérvase o dereito de rexeitar ou solicitar novas propostas aos establecementos rexistrados. Neste sentido terase en conta a orde de inscrición.

- Cada establecemento poderá participar nunha ou en ambas as das dúas modalidades: **Tapa Creativa e Tapa Receitairo Picadillo**, pero só poderá facelo **cunha tapa en calquera da modalidade que elixa ou en ambas as se elixe as dúas modalidades**.

- Os establecementos deberán achegar obrigatoriamente xunto coa súa solicitude de inscrición unha **fotografía da súa/s tapa/s presentada/s ao Concurso**. Esta fotografía será a que figure en todos os carteis promocionais on-line e off-line do concurso.

Os requisitos desta fotografía para que poida ser incorporada aos carteis promocionais do concurso serán os seguintes:

- A fotografía realizarase exclusivamente a través do teléfono móbil
- Utilizarase un fondo branco para a toma da fotografía
- Deben ser arquivos JPG
- O tamaño mínimo é de 1.024 x 1.024 píxeles
- A fotografía deberá de ser inédita

- A imaxe non se poderá retocar dixitalmente por ningún software externo ao teléfono móbil (por exemplo: Photoshop). Poden ser retocadas utilizando exclusivamente os retoques de imaxe que permita o propio móbil ou aplicacións instaladas nel.

O Concello resérvase o dereito de non admitir para publicar aquelas fotografías que non alcancen un mínimo de calidade para tal fin. Esta situación seralle debidamente comunicada ao establecemento participante.

A falta de presentación da fotografía onda a solicitude de inscrición supoñerá a inadmisión ao concurso do establecemento.

- **Non se aceptarán cambios nas tapas e prezos** presentados ao Concurso durante o tempo de duración do mesmo.
- As tapas **deberán de estar dispoñibles todos os días que dure o Concurso e no horario** que o establecemento indique na ficha de inscrición (excepto por peche habitual do establecemento).

Non se admitirá a participación no Concurso a aqueles establecementos cuxos días de peche coincidan con períodos de vacacións, garantindo así unha participación equitativa entre os participantes. Será obrigatorio que cada establecemento especifique o seu horario de apertura e días de peche na ficha de inscrición.

- A inscrición neste Concurso, implicará o **compromiso explícito de satisfacer a demanda**.
- Finalizado o concurso, **os locais premiados deberán manter a disposición** do público e nos horarios que se especifiquen na ficha de inscrición as elaboracións gañadoras durante, como mínimo, **os 30 días inmediatamente posteriores** á data en que se coñezan os gañadores e se publiciten nos medios de comunicación e redes sociais do concurso. O incumprimento desta condición dará lugar á retirada do galardón e a súa entrega ao que figurase en segunda posición ou a que se declare deserto o premio nalgunha categoría nesta edición XXI.
- Os establecementos participantes estarán obrigados a dar **a maior difusión do Concurso** nas súas redes sociais, así como de expoñer de forma visible o material promocional que se lles facilite.
- Os establecementos participantes estarán obrigados a informar **do número de tapas vendidas ao final do Concurso e a colaborar coa enquisa de valoración** que se realice tras o evento.
- Os establecementos participantes estarán obrigados ademais a respectar a normativa vixente e cumprir todos os **requisitos en materia hixiénico-sanitaria**.

4. PRAZOS E INSCRICIÓN

- A inscrición poderá **realizarse desde o 26 de novembro ata o 5 de decembro (ata as 24.00)**.
- A inscrición e participación no concurso é gratuíta.



Concello da Coruña



A Coruña
CULTURA DE VIVIR

- As persoas interesadas en participar deberán encher o formulario online que poderán atopar na páxina web: <http://tapaspicadillo.es>

A solicitude deberá conter os datos do establecemento participante, a/as **modalidade/s nas que participa, os ingredientes, a receita da/s tapa/s e unha fotografía da tapa/s** que presenta/n ao Concurso, para valoración da organización e dos expertos independentes.

Todos os participantes deberán enviar antes da data límite do peche da inscrición a súa solicitude de inscrición completa e asinada, onda unha fotografía da tapa/s que presentan na páxina web: <http://tapaspicadillo.es> tendo en conta todos os requisitos que se sinalaron no punto 3 destas bases.

As peticións de inscrición serán atendidas por orde de chegada.

Os datos de contacto da organización son:

CONCELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Dirección de Área de Turismo

Avenida da Mariña (*Casa Paredes*) 18. 15003 A Coruña.

Teléfono: 981-18 42 00. Ext. 12051 (Cris) e ext. 12042 (Aida)

Correo electrónico: tapaspicadillo@coruna.gal

Web: <https://tapaspicadillo.es/>

5. PREMIOS

PARA OS ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES:

Estableceranse os seguintes premios para os establecementos participantes:

PREMIOS POR VOTACIÓN DO XURADO

- **Premio Picadillo á Mellor Tapa Creativa Picadillo 2025:** 1.000 € + Diploma acreditativo.
- **Premio Picadillo á Mellor Tapa Receitario Picadillo 2025:** 1.000 € + Diploma acreditativo.

PREMIOS POR VOTACIÓN POPULAR

- **Premio por Votación Popular á mellor Tapa Picadillo** (elixida entre as tapas presentadas en calquera das dúas modalidades): 500 € + Diploma acreditativo.

Este premio outorgarase á tapa que reciba máis votos do público que probe as tapas. En cada local, as tapas participantes estarán identificadas e haberá un póster do evento cun código QR que dirixirá

ao cliente a unha web na que poderá introducir os seus datos de contacto e votar pola tapa degustada. Cada cliente só poderá votar unha vez por cada premio e tapa diferente que consuma. Logrará o premio a tapa que obteña maior puntuación.

O incumprimento das condicións de participación do Concurso sinaladas nestas bases, supoñerá a perda automática do premio e diploma correspondente

PARA O PÚBLICO PARTICIPANTE:

As persoas que degusten as tapas poderán votar a través da aplicación **Web App de picadillo.es**.

Para maior detalle, ver o apartado B) destas bases, relativas ao sorteo de premios para o público que vote a mellor tapa por votación popular no XXI concurso Picadillo

6. FASES E DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

O evento celebrarase entre O 18 e 28 de decembro.

1ª Fase previa

Para ser admitido no Concurso, os establecementos deberán de superar unha **fase previa de avaliación**, mostrando a súa proposta de tapa/s ao equipo experto asignado para tal fin. Este equipo de persoas expertas en gastronomía valorará nesta fase previa se as tapas presentadas en cada modalidade (*Tapa Creativa e Tapa Recetario Picadillo*) cumpren os requisitos mínimos esixidos para poder participar no Concurso. Noutro caso quedarán excluídas.

2ª Fase media

Os primeiros días do Concurso, **un xurado composto por profesionais relacionados co sector gastronómico** valorará as tapas entre 0 e 10 puntos en cada un dos seguintes criterios: **sabor, elaboración, presentación e relación calidade-prezo**. A valoración global será a suma das valoracións parciais. Ao realizar a visita, as persoas membros do xurado identificaranse e levantarán acta da mesma.

Á vista da valoración dos expertos independentes, **pasarán á seguinte fase as 5 tapas que, en cada unha das dúas modalidades, consigan maior puntuación**. En caso de empate, serán seleccionadas as tapas que obtivesen maior puntuación parcial tendo en conta da seguinte orde: sabor, elaboración, presentación e relación calidade-prezo.

3ª Fase final

Para esta última etapa do Concurso nomearase **un novo xurado formado por persoas de recoñecido prestixio** no mundo gastronómico, que valorará as tapas que superaron a 2ª fase do Concurso, consonte os criterios e mecánica anteriormente expostas.

Serán **5 tapas** en cada unha das súas modalidades as que se avalíen nesta fase final do certame.

Este xurado terá como presidenta a Chau Fernández-Gago Puga, neta de Picadillo e del formarán parte profesionais recoñecidos pola súa traxectoria e a súa vinculación á gastronomía.

7.- ENTREGA DOS PREMIOS

Entregaranse os diplomas e os premios ás elaboracións gañadoras nun acto que se celebrará na data que acorde o Concello da Coruña.

8.- ACEPTACIÓN DAS BASES

O envío e firma da ficha de inscrición supoñerá que os establecementos aceptan expresamente estas bases.

9.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- O Concello resérvase o dereito de imaxe de autor, así como a reprodución do material presentado por cada concursante a través dos seus medios de comunicación e da web: <http://tapaspicadillo.es/>
- O Concello resérvase o dereito de variar as datas durante o transcurso da promoción do concurso, previa información aos seleccionados.
- O Concello resérvase o dereito para modificar ou cancelar o concurso e a súa promoción durante o desenvolvemento da mesma no caso de non alcanzarse un número significativo de participantes ou no caso de que as tapas non alcancen os mínimos esixibles para optar ao concurso, sen prexuízo de circunstancias de forza maior ou caso fortuíto que así o impuxesen.
- As persoas gañadoras dos premios autorizan e ceden cantos dereitos houberse ao Concello da Coruña para utilizar publicitariamente o seu nome e imaxe, así como as receitas, fotografías e vídeos, en todo o referente ao Concurso de Tapas Picadillo 2025, na edición presente e nas futuras, sen contraprestación económica algunha.

B) BASES DO SORTEO DE PREMIOS PARA O PÚBLICO QUE VOTE A MELLOR TAPA POR VOTACIÓN POPULAR NO XXI CONCURSO PICADILLO

1.- OBXECTO DESTAS BASES

As presentes bases teñen por obxecto establecer os requisitos das persoas participantes, establecer o funcionamento do sistema de votación popular á mellor tapa do XXI concurso Picadillo e o acceso aos premios polas persoas participantes que votasen e resultasen agraciadas.

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

A votación popular desenvolverase durante o período de duración do concurso.

3. PARTICIPANTES

Poderá participar calquera persoa que cumpra os seguintes requisitos:

Ser maior de idade e completar todos os datos solicitados na plataforma de votación, á que terá acceso a través dos códigos QR do Concurso de Tapas Picadillo que atopará nos establecementos participantes.

4. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- Sortearase un premio por persoa.
- O uso e goce do premio corresponde unicamente á persoa titular gañadora.
- Calquera outro gasto adicional alleo aos conceptos incluídos no premio ou non relacionado co mesmo ou o seu goce será sufragado pola persoa premiada.
- A persoa premiada deberá acreditar a súa identidade ante as persoas responsables designadas polo Concello.
- O Concello queda exonerado de calquera responsabilidade derivada das posibles eventualidades sufridas polas persoas participantes no sorteo durante ou como consecuencia do premio.
- O Concello resérvase o dereito de substituír algún dos premios por outros similares e iguais en valor se fose necesario por causas alleas a ela.
- As persoas agraciadas cos premios cederán os dereitos de imaxe para o caso de resultar fotografadas na entrega ou goce do premio. Estas imaxes poderán ser usadas polo Concello con fins promocionais do Concurso Picadillo, para a presente ou para futuras edicións, sen contraprestación económica algunha.
- O sorteo realizarase unha vez finalizado o concurso na cidade da Coruña.

5. FUNCIONAMENTO DO SISTEMA DE VOTACIÓN POPULAR

- Calquera persoa que vote no Concurso de Tapas Picadillo 2025 a través do QR dispoñible en cada un dos establecementos participantes, participará neste sorteo tras encher o formulario na súa terminal móbil.
- Todos os participantes optarán a un dos premios previstos na Base 6 que sorteará o Concello.
- O sorteo será público, terá **lugar unha vez finalizado o concurso e anunciarase na web do concurso coa debida antelación** e levará a cabo entre as persoas que votasen a través da app do concurso.

- O acto do sorteo será público. Por parte dun/a funcionario/a de o Servizo de Turismo Municipal darase fe das persoas que resulten agraciadas levantando a correspondente acta que será publicada na web coa correspondente anonimización dos datos que resulten procedentes.
- Extraerase 1 cupón por premio máis 10 cupóns de reserva; estes últimos para utilizar no caso daqueles premios que queden desertos, ben porque a persoa agraciada non contacte co Concello no prazo establecido no seguinte punto ou no caso de renuncia voluntaria.
- Unha vez realizado o sorteo comunicárase o resultado ás persoas premiadas ao teléfono ou ao correo electrónico que indicaron cando se rexistraron a través dos códigos QR do concurso, ademais de en a web do concurso cos datos debidamente anonimizados.

As persoas agraciadas terán 48 horas para poñerse en contacto co Concello a través do teléfono 981-18 42 00. Ext. 12051 (Cris) e ext. 12042 (Aida) (de luns a venres, de 08:00h a 15:00h), ou poderán renunciar voluntariamente ao premio. En caso contrario iniciárase o contacto cos suplentes correspondentes.

- En ningún caso existirá a posibilidade de troco dos premios polo seu equivalente en valor económico.

6. PREMIOS

Os premios serán os seguintes:

- **13 obsequios valorados cada un en 100 €.** Este obsequio poderá consistir nunha experiencia gastronómica ou caixas con produtos degustación galegos.
- **20 packs de cociña (mandil e libro de cociña Picadillo)**
- **10 entradas gratuítas para os museos científicos da Coruña (Domus, Casa Ciencias e Acuario)**

No anuncio da web do concurso coas persoas premiadas e na comunicación individualizada a cada un deles indicaráselles o lugar e forma de recollida do premio.

Todas aquelas persoas que acrediten non residir na cidade da Coruña poderán recibir o seu premio a través dun sistema de mensaxería, tendo en conta as datas límite indicadas anteriormente.

7. PROTECCIÓN DE DATOS

- As persoas participantes autorizan o tratamento dos seus datos persoais de conformidade coa lexislación vixente e para o fin para o que se destinan. Garántese aos participantes o dereito de acceso, rectificación e eliminación dos seus datos persoais para o que haberán de dirixirse ao Concello da Coruña.

- Coa participación neste sorteo, a persoa usuaria aguzosa o seu consentimento expreso para o tratamento dos seus datos persoais por parte do Concello da Coruña conforme as disposicións da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD).
- Os datos persoais solicitados usaranse unicamente para o Concurso Picadillo 2025 e o sorteo dos premios do mesmo concurso.
- Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán ser exercidos dirixíndose por escrito ao Concello, a través da dirección da web tapaspicadillo.es ou persoalmente na oficina sinalada no punto 4 do apartado A) destas Bases. En ambos os casos deberá identificarse presentando fotocopia do seu DNI ou calquera outro documento oficial de identificación.
- Unha vez finalizado este sorteo o Concello eliminará os datos que fosen facilitados polos participantes.
- En cumprimento do disposto na lei 34/2002, do 11 de xullo de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, os participantes prestan o seu consentimento ao Concello para recibir comunicacións sobre este evento gastronómico.
- O destinatario poderá revogar en calquera momento o consentimento prestado á recepción de comunicacións deste concurso coa simple notificación da súa vontade ao remitente dirixíndose ao Concello nas direccións expresadas anteriormente.
- Así mesmo, a participación na presente promoción conleva a autorización por parte das persoas gañadoras para utilizar a súa imaxe en publicacións en calquera medio, con fins publicitarios e/ou promocionais do presente concurso ou de edicións futuras do mesmo, sen contraprestación económica algunha.

8. ACEPTACIÓN DAS BASES

A simple participación no sistema de votación popular do XXI Concurso de Tapas Picadillo conleva a definitiva aceptación polas persoas participantes das presentes Bases.

A Coruña, na data de sinatura electrónica das presentes bases.

Gonzalo Henrique Castro Prado
Concelleiro de Cultura e Turismo